

Resolución reitoral de modificación da Resolución Reitoral de 2 de outubro pola que se adxudican as bolsas de formación en sistemas informáticos dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.

Vista a Resolución Reitoral de 2 de outubro pola que se adxudica a Iago Meis Solla a bolsa VI-S-10 Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo – sede cidade, de acordo coa prioridade escollida na súa solicitude de bolsa,

Vista a solicitude de Iago Meis Solla de data 13 de outubro pola que solicita cambiar a prioridade e establecer como primeira opción a bolsa VI-12 Facultade de CC Económicas e Empresariais – Vigo,

Tendo en conta que a devandita bolsa quedou vacante na adxudicación de 2 de outubro e que, polo tanto, non hai terceiras persoas prexudicadas, e co obxecto de executar o máximo posible do orzamento previsto,

Existindo persoas candidatas na listaxe de agarda da bolsa VI-S-10 Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo – sede cidade,

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude do disposto no punto 9 da Resolución reitoral de 2 de xullo de 2025 pola que se convocan as bolsas de formación en sistemas informáticos e,

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

Esta Reitoría resolve

1. Acceder ao solicitude e conceder a Iago Meis Solla, unha bolsa VI-S-12 Facultade de CC Económicas e Empresariais - Vigo - Sistemas informáticos por un importe de 3806,45€
2. Conceder a Aitana Nuñez Blanco a bolsa VI-S-10 Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo – sede cidade por un importe de 3806,45€.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.



En Vigo na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
Natalia Caparrini Marín

Código seguro de Verificación : GEN-a5d4-8eed-4357-6371-3d5b-d176-f865-455d | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección :
<https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-a5d4-8eed-4357-6371-3d5b-d176-f865-455d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 16/10/2025 14:11 | NOTAS : F